

Laura Novelle López, *Elaboración de TFG, TFM e teses. Claves para o éxito*. Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2021, 78 páxs., ISBN 978-84-8158-900-9

Aldara Cidrás 

Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, España
aldara.cidras.fuentes@usc.gal

Recibido: 30/07/2021; Aceptado: 26/11/2021

Unha das primeiras lecturas recomendadas para *aprender a investigar* —se é que acaso é algo que se pode aprender na teoría, e non aprehender coa práctica—, nomeadamente no eido das Humanidades, é o recoñecidísimo *Cómo se hace una tesis* de Umberto Eco¹. Reeditado en innumerables ocasións, o libro do escritor e semiólogo italiano segue a ser unha obra de referencia para aquelas alumnas e alumnos que encaran os seus primeiros traballos académicos, sobre todo nas etapas máis avanzadas do seu proceso formativo, sexa esta a consecución do título de grao, de mestrado ou de doutoramento. Nunha linguaxe amena e honesta, especialmente accesible para o público máis novo, Eco tende unha ponte explícita entre o abstracto e o práctico do exercicio investigador —ou sexa, o que se *debe* facer e o que moitas veces só se *pode* facer—, conseguindo como resultado final un recurso educacional de valor incuestionable, e de relevancia atemporal. Mais que a súa relevancia sexa atemporal, non significa que o tempo non pase por ela. Case medio século despois da súa primeira publicación, o *core* da obra segue sendo aplicable a calquera traballo de investigación actual, pero as innovacións tecnolóxicas e a consagración do campo das Humanidades Dixitais, así como a fenda aberta polas múltiples reformas do sistema universitario —e, en concreto, o revulsivo que supuxo o Plan Boloña—, fan que moitas das recomendacións e apuntamentos de Eco sexan un material máis histórico que historiográfico.

Neste sentido, *Elaboración de TFG, TFM e teses. Claves para o éxito* da profesora da Universidade de Vigo Laura Novelle (O Carballiño, 1978) vén sumar contido a unha liña de investigación en constante actualización no eido da didáctica que procura, por unha banda, analizar as implicacións holísticas dos traballos de fin de titulación e, pola outra, ofrecer ferramentas para mellorar as capacidades do alumnado no desenvolvemento deste tipo de exercicios². Porén, unha das grandes eivas que atopan estas publicacións é a súa escasa difusión entre estudantado e profesorado, en especial entre aquel que non está vinculado ás Ciencias da Educación e á innovación docente, deturpando un dos seus principais obxectivos: a divulgación. Neste sentido, a Universidade de Vigo vén poñendo a disposición da comunidade universitaria unha serie de manuais didácticos que tentan dar respostas concretas a diversas problemáticas, sendo este o derradeiro en saír do prelo. Após de publicacións centradas nas Ciencias Económicas, na Álgebra ou na Xeometría, o de Novelle é o primeiro da colección cunha clara vontade interdisciplinar, pois ofrece consellos

específicos para a elaboración de traballos académicos segundo a área de coñecemento; mais interesa salientar a especial sensibilidade coa que resolve as cuestións vencelladas ás Humanidades e Ciencias Sociais, e, en concreto, a Historia, o que non é casual pois coincide coa formación da autora. No paulatino proceso de desleixo socio-institucional dos estudos do ámbito humanístico en prol das ciencias puras e aplicadas, confirmable ante a universalización dos criterios de valoración propios das ciencias noutras disciplinas ou o desigual reparto de recursos —principalmente económicos, pero tamén didácticos—, non é unha cuestión nimia facer visibles as casuísticas particulares das Humanidades e Ciencias Sociais, atendéndoas na súa especificidade.

Alén desta especial atención á nosa área de coñecemento, cabe acentuar outros elementos positivos da publicación. O primeiro deles é o coidado uso da lingua escrita: en galego, «[promovendo] a dimensión científica na nosa lingua»³; cunha hábil aplicación da linguaxe inclusiva, afastándose de fórmulas artificiosas que entorpecen a lectura; e nun rexistro tan coidado e profesional como accesible e lixeiro, co que se dirixe con sinceridade ao alumnado. A maiores, o coñecemento de primeira man da autora do sistema universitario galego e español, o traballado corpus teórico ao que se refire, así como a súa vontade de estar ao día, tanto ao que en avances tecnolóxicos se refire coma en reformas legislativas do sistema universitario —e mesmo con referencias ás eivas derivadas da situación sanitaria provocada pola COVID-19—, fan de *Elaboración de TFG, TFM e teses* un dispositivo didáctico de gran utilidade que actúa ademais en si mesmo coma unha exemplar mostra práctica de todo o que Novelle pretende transmitir ao longo do texto.

A obra está composta por oito capítulos e máis un prefacio asinado polo tamén historiador e profesor da Universidade de Vigo Xulio Prada, un apartado dedicado ás referencias bibliográficas —incluíndo tanto os clásicos seminais coma as investigacións máis actualizadas—, e un anexo final que consiste nun test de autoavaliación do alumnado para comprobar que o seu traballo cumpre uns requisitos mínimos de excelencia. A modo introdutorio, no limiar preséntase a obra e os obxectivos que pretende acadar, acompañando isto cuns breves apuntamentos sobre a divulgación científica e a necesidade dun correcto manexo dos seus códigos de comunicación específicos. No seguinte capítulo defínense as particularidades e problemáticas propias dos traballos de fin de grao, de fin de mestrado e das teses doutorais. Asemade, faise un percorrido polas vicisitudes da carreira académica e dos estudos regrados dende os seus primeiros chanzos ata o seu derradeiro nivel, ilustrando un proceso ás veces pouco transparente para o alumnado, e no que habitualmente se embarca sen coñecer en detalle. Nos capítulos 3, 4 e 5, explícanse cuestións relativas á escolla do tema de investigación, a elaboración do plan de traballo e a redacción do traballo académico, presentando a continuación a súa aplicación práctica segundo a disciplina. Ofrecense consellos para o proceso de alfabetización informacional e de documentación nos primeiros estadios da investigación, instruindo no manexo de repositorios institucionais e bases de datos bibliográficas, así como asesorando na procura estratéxica de información e na súa sistematización. Detense tamén nas características propias da redacción científica, proponendo suxestións para o seu adestramento e tratando de forma detallada as diferentes fases de escritura dun traballo académico, dende a elaboración do *abstract* ata a revisión final do manuscrito e a corrección de erros máis habituais.

A seguir, no capítulo 6 afóndase na elaboración do aparato crítico, incidindo na importancia dunha citación adecuada e explicando os diferentes estilos máis empregados nos *papers*. O capítulo 7 aborda a defensa oral dos traballos e suxire recomendacións coas que resolver os

medos derivados de falar ante o tribunal, atendendo mesmo á linguaxe non verbal. Por último, as conclusións pechan o texto mediante reflexións finais que se suman aos consellos propostos ao longo de manual, mais cunha advertencia:

Chegados a este punto, é importante ter clara unha cousa: seguir todas as recomendacións anteriores axuda a elaborar un traballo académico de calidade con posibilidades de éxito, pero non o garante. Investigar é un proceso lento, individual e, en certo modo, custoso a nivel emocional e por suposto, intelectual. Non existen receitas máxicas. O máis importante é o nivel de pulcritude, obxectividade e compromiso co método científico da persoa estudante ou investigadora.⁴

En definitiva, *Elaboración de TFG, TFM e teses* é unha ferramenta de gran utilidade tanto para o profesorado como para o estudantado. Os primeiros atoparán un recurso didáctico de gran axuda no proceso de titorización dos traballos académicos; os segundos, unha guía á que acudir e coa que gañarán confianza nas súas aptitudes. Paga a pena a súa difusión e accesibilidade, en tanto que existe unha manifesta demanda por parte das alumnas e alumnos deste tipo de recursos que acaban satisfacendo en internet a través da consulta de foros, blogs ou páxinas similares, ás veces de dubidosa profesionalidade. Ao mesmo tempo, as crecentes exixencias do sistema educativo para o persoal docente comprometen o tempo que se lle pode dedicar aos traballos supervisados, polo que este tipo de manuais actúan como un punto de partida fundamental co cal o intercambio entre persoa titorizada e persoa titora poida centrarse en elementos máis específicos e avanzados da investigación, profundando no seu proceso creativo e aproveitando mellor o tempo. Convén non esquecer que, como sinala a propia autora, para o estudantado, «enfrentarse a un traballo de fin de titulación é un reto porque non coñecen a fondo as implicacións metodolóxicas, epistemolóxicas ou prácticas que supón»⁵. Así as cousas, calquera material que axude a rebaixar as tensións do período de aprendizaxe e o estrés académico provocado por este tipo de traballos derivará na creación dun ambiente estimulante no que as persoas en etapa de formación poderán explotar tódalas súas habilidades e capacidades.

Notas

Aldara Cidrás é investigadora predoutoral contratada do grupo Histagra, na Universidade de Santiago de Compostela. Graduada en Historia (2016, USC) e máster en Historia Contemporánea (2017, interuniversitario [USC]), actualmente está a realizar a súa tese de doutoramento no departamento de Historia da mesma universidade. A súa principal liña de investigación céntrase na xudicialización da violencia golpista nos territorios de retagarda durante a guerra civil española (1936 – 1939) e os seus perpetradores.

- 1 U. Eco, *Cómo se hace una tesis. Técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura*, Barcelona, Gedisa Editorial, 2001 [1977].
- 2 Sirvan de exemplo, entre outros A. J. de Pro Bueno, G. Sánchez Blanco e M. V. Valcárcel Pérez, “¿En qué medida están contribuyendo los TFM a los resultados de aprendizaje planificados?”, *Revista Eureka sobre enseñanza y divulgación de las ciencias*, vol. 10, nº extra 4, pp. 728 – 748, 2013; ou Á. Cervera Rodríguez, *Cómo elaborar trabajos académicos y científicos (TFG, TFM, tesis y artículos)*, Madrid, Alianza, 2019.
- 3 Novelle, 2021, p. 15.
- 4 Novelle, 2021, p. 67.
- 5 Novelle, 2021, p. 18.